# LA VOZ QUEBRADA

Manuel Menchón, 2026

# 1850

**ESTREA EN NUMAX:** 26.10.2026 | V.O. | +12


O asasinato do poeta Federico García Lorca en 1936 converteuse nun mito mundial. Durante 90 anos mantívose oculto un nome, unha relación prohibida e un plan de fuxida a México. Este filme é a traxedia dun último amor truncado polo fascismo, entre Lorca e un mozo chamado Juan Ramírez de Lucas. Juan deixou escrito que, tras a súa morte, todo debía saberse.

«Un fermoso documento histórico, artístico e emocional, unha atractiva experiencia fílmica de son evocador»

Javier Ocaña, FOTOGRAMAS

Título orixinal: La voz quebrada
Ano: 2026
Duración: 88 minutos
Idioma orixinal: Español
Dirección: Manuel Menchón
Guión: Manuel Menchón
Elenco: Alvaro Morte, Francesco Carril, Pedro Casablanc, Alberto San Juan, Veronica Sanchez
Montaxe: Ángel Fernandez Zoido
Son: Jose Tome
Música: Iván Palomares
Fotografía: Javier Calvo
Produtora: K&S Films, Pantalla Partida Producciones, Imagine Factory Films SL, RTVE
Distribuidora: Sideral Cinema

PREMIOS E FESTIVAIS
Donostia 2026



EUROPA CINEMAS
Creative Europe MEDIA

# Entrevista con Manuel Menchón: «O testemuño de Juan Ramírez de Lucas fixo que coñezamos a parte humana de Lorca, e iso faltábanos»

Por Gerardo León

**Está a recente película de Los Javis, agora o teu documental e o ano que vén Fernando Franco tamén estrea unha película sobre a súa figura. Deixando un pouco de lado o feito de que este ano se cumpre o nonaxésimo aniversario da súa morte, Lorca está de moda. Como o ves?** Refíreste a isto de agora de ver a Lorca por todas partes… Mira, pois é que isto o vemos así porque é España, pero se isto fose os Estados Unidos ou Inglaterra, con Shakespeare, non habería ningún problema. De feito, o extraordinario é que non haxa máis obras sobre Federico García Lorca. Pero eu creo que este proxecto é moi diferente porque, primeiro, contén material inédito e, sobre todo, porque parte da realidade. Non é unha cousa de ficción nin unha adaptación de Federico García Lorca. Neste terreo, o que hai… A verdade é que, en fin, non quero falar mal, pero só hai que lembrar a serie que fixo recentemente RTVE contra a que todos os historiadores saíron ao ataque [refírese a "Lorca, las horas perdidas", criticado por distintos medios polo que se quixo ver como un exercicio de revisionismo que despolitizaba a figura do poeta]. Isto é moi rigoroso, están os documentos, non hai opinión… É outra cousa.

**Quen foi Juan Ramírez de Lucas? Que significou para o poeta?** Juan Ramírez de Lucas foi a última relación de Federico García Lorca. En concreto, foi a persoa que estivo con Federico os últimos catro meses da súa vida. E é moi importante porque non hai ningún testemuño de ningunha parella de Federico García Lorca, e Juan deixou escrito, antes de morrer, uns cadernos que quería que visen a luz tras o seu falecemento, relatando a súa historia con el. Así que é un testemuño de primeira man, tanto a un nivel histórico, para coñecer cuestións dos últimos días de vida de Lorca, pero tamén para ver a un Federico máis humano, unha perspectiva que nos faltaba ata o de agora. Unha persoa humana que sente, que sofre. Era moi importante ter esa dimensión.

**A película conta a historia dun azar. Segundo este relato, Lorca poderíase salvar se Juan fose maior só uns meses. A historia decídese nun instante?** Este feito da idade de Juan foi o que marcou que Federico non viaxase a México, e iso, efectivamente, cambiase o curso da historia, como di Juan. E tamén significou a morte en vida do propio Juan porque, dalgún xeito, el sentiuse culpable toda a vida por esta circunstancia. Respecto ao que comentas do azar ou non, eu creo que a historia real, os documentos, teñen algo de tráxico, de traxedia lorquiana, de fatum, de destino. Nese sentido, é unha historia moi poderosa que parece incrible que sexa real, por desgraza.

**Como describirías a ese Lorca íntimo?** Pois eu creo que é alguén profundamente tenro. É algo moi tenro, cun punto de persoa intrépida por como leva a relación con Juan, como dá el o primeiro paso a ligar, entre comiñas, con Juan, como lle expón os seus plans, por exemplo, de ir a Córdoba e Ávila, como planifica que o acompañe a México; era alguén cunha chea de plans e iniciativa. Isto non o tiñamos. Sabiamos que era un home moi vital, pero, de súpeto, velo tan proactivo coa persoa á que quere é algo moi emocionante.

Publicado en makma.net

NUMAX 10
numax.org